

'EN MAREA' E O SEU GRUPO PARLAMENTAR NAS CORTES DO ESTADO

0. As relacións dos órganos de dirección de En Marea cos seus grupos parlamentares e cargos institucionais para a realización do seu proxecto político hanse basear nos principios fundacionais como proxecto nacional, plural e democrático.

Trátase de artellar no equilibrio necesario a autonomía funcional na acción institucional dos seus grupos parlamentares e cargos institucionais coa execución dunha acción política única, aprobada por En Marea e dirixida polos seus órganos de dirección a partir dos acordos asemblearios e demais decisións adoptadas por sufraxio universal das súas bases inscritas.

1. A representación obtida nas Cortes do Estado (Congreso e Senado) por En Marea cando aínda era formalmente unha coaligación electoral pasou a ser a representación de 'En Marea' como Partido instrumental de afiliación individual dende a súa constitución como tal na Asemblea de Vigo de xullo de 2016.

2. Consecuentemente, e conforme ao disposto nos documentos fundacionais, as funcións de dirección política da actividade de En Marea nas Cortes, que anteriormente desempeñaba a Mesa Coordinadora da coaligazón, pasaron a seren atribuídas aos órganos nacionais da dirección do partido instrumental de afiliación individual 'En Marea', é dicir, o Consello, a Coordinadora e a Portavocía nacionais.

3. A efectos internos e de referencia na Galiza, a representación de En Marea nas Cortes constitúe un grupo parlamentar, pois que a presenza electoralmente acadada no Congreso cumpre os requisitos legais establecidos para ser tal, malia que unha interpretación alevosa do Regulamento desa cámara negoulle formalmente tal condición. Por lealdade á estratexia de alianzas a nivel do Estado con UP e as 'Confluencias', En Marea aceptou que a súa representación nas Cortes se artellase nese conxunto configurado como Grupo Confederal, no que está establecido que o grupo de En Marea dispoña de autonomía política, dentro do marco das bases de esa alianza, que reconece o dereito á libre decisión das nacións-sen-estado, para poder así exercer como representante do 'suxeito político' galego na súa especificidade. Por tanto, esa condición debe presidir a executoria dos homes e mulleres representantes de En Marea nas Cortes, e non como simples electos por unha organización de ámbito estatal nas circunscricións eleitorais galegas.

4. En consecuencia de todo o devandito, o grupo de En Marea, por unha banda, debe dispor de autonomía de decisión nas cuestións de carácter funcional parlamentar nas Cortes, mais, por outra banda, na orde das cuestións de índole política, tanto as relacionadas co proxecto estratéxico coma co desenvolvemento do programa electoral, correspóndelle á dirección nacional de En Marea marcar os criterios e as pautas e acordar as decisións que deberá cumprir o seu grupo nas Cortes. Isto significa que, nesa orde de cuestións, o grupo non poderá decidir pola súa conta nin limitarse a informar á dirección política de En Marea, senón que terá que proceder á consulta previa.

5. A tais efectos establécense uns mecanismos de enlace entre o Consello de EM e o seu grupo nas Cortes:

1º. A conexión directa do grupo serao coa Coordinadora e a Portavocía nacionais de EM;

2º. O enlace exercerao quen sexa Portavoz do grupo durante cada unha das quendas da rotación establecida;

3º. O/A Portavoz asistirá, con voz e sen voto, ás sesións do Consello;

4º. Cando a importancia do asunto o aconselle, convocarase unha xuntanza do grupo co Portavoz e a Coordinadora nacionais, e no seu caso membros do Consello que este decida;

5º. Periodicamente, con cadencia mensual como máximo ou bimensual como mínimo, o grupo remitirá á Coordinadora un informe suficiente da súa actividade para o seu traslado ao Consello de EM.

6º. O incumprimento grave destas normas por calquera dos membros do grupo nas Cortes poderá suscitar a incoación do procedemento de revogación polas bases previsto nos estatutos de En Marea